

## Programa de actividades de apoio para a realización do TFG TFG con Alegría 2025-2026

1. **Título da Actividade:** Sesións de orientación obrigatorias
2. **Nome do\_a docente encargado\_a:**  
Educación Infantil\_Educación Primaria: Mar García Señorán e Ángeles Conde Rodríguez  
Educación Social: Yolanda Rodríguez Castro e Manuel Isorna Folgar  
Traballo Social: Rubén González Rodríguez
3. **Datas/horario da formación** (Recoménsase desenvolver os cursos os venres, dado que é un día no que o alumnado da materia TFG non ten clase e posúe dispoñibilidade completa.)

**Educación Infantil e Educación Primaria:** 27, 28 e 29 de xaneiro e 3, 4 e 5 de febreiro de 2026 (aulas 0.7 e 0.2). Ver horarios 4º curso.

**Educación Social:**

Luns 02/02/2026 en horario de 16.00 a 20.00 horas (aula 0.1)  
Martes 03/02/2026 en horario de 10.00 a 14.00 horas (aula 0.1)  
Mércores 04/02/2026 en horario de 10.00 a 14.00 horas (aula 0.1)  
Venres 06/02/2026 en horario de 10.00 a 14.00 horas (aula 0.1)

**Traballo Social (ver enlace):** [Cronograma das sesións presenciais do TFG de Traballo Social](#)

4. **Xustificación, interese e competencia procedimental que vai ser traballada:**  
Dadas as inquedanzas e dúbidas que comunmente xera esta materia no alumnado, trátase de ofrecer unhas orientacións xerais que faciliten a elección da modalidade, o deseño e o desenvolvemento do TFG e que contribúan a superar con éxito esta materia. Para conseguilo proporcionarase:
  - Información sobre as modalidades de traballo para axudar na elección destas, en función da temática abordada de acordo coas súas habilidades e competencias.
  - Pautas sobre os trámites administrativos e procedementos formais para a presentación e defensa.
5. **Breve descripción dos contidos do curso:**

- Procedementos de solicitude para a presentación e defensa do Traballo Fin de Grao a través da secretaria virtual.
- Cronograma das distintas convocatorias, criterios de avaliación e de revisión de traballos.
- Tipoloxías de traballos (de investigación teórica, de investigación empírica e profesionalizante). Características de cada modalidade, estrutura e contidos que deben abordarse en cada apartado.
- Cuestións de formato e forma relacionadas con normas de escritura académica, como o citado, referencias e o problema do plaxio.